



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado aprobado definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio económico de 2022, segundo o acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria celebrada o día 14 de xullo do 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, faise público que dito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de UN MILLON SETECENTOS SESENTA E DOUS MIL DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON NOVE CENTIMOS (1.762.256,09 €), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

Capítulo.	Importe
A).-OPERACIÓN CORRENTES:	
1.- GASTOS DE PERSOAL	792.666,09
2.- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	460.700,00
3.- GASTOS FINANCIEROS	5.500,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	169.890,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.428.756,09
OPERACIÓNS DE CAPITAL:	
6.- INVERSIÓNS REAIS	333.500,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8.- ACTIVOS FINANCIEROS	0,00
9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	333.500,00
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS	1.762.256,09

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo	Importe
A) OPERACIÓNS CORRENTES:	
1.- IMPOSTOS DIRECTOS	298.183,09
2.- IMPOSTOS INDIRECTOS	17.000,00
3.- TAXAS E OUTROS INGRESOS	249.475,00
4.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	896.043,82
5.- INGRESOS PATRIMONIAIS	10.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.470.701,91
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6.- ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	0,00
7.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	291.554,18
8.-ACTIVOS FINANCIEROS	0,00

9.- PASIVOS FINANCIEROS	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	0,00
TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS	1.762.256,09

Na referida sesión tamén se acordou aprobar o plantel de persoal desta Corporación para o exercicio 2022, que, de acordo co preceptuado no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése a continuación:

A) FUNCIONARIOS

Denominación	Nº	Grupo	Escala	Subescala	C.D.	Situación
Secretario-Interventor	1	A1/A2	H. Nacional	Secreta.-Interv.	24	O
Técnico de gestión de Administración General	1	A2	Adm. General	Gestión	16	O
Trabajadora social	1	A2	Adm. Especial	Técnica	16	O
Auxiliar administrativo	1	C2	Adm. General	Auxiliar	13	O
Operario conductor	1	C2	Adm. Especial	Serv. Especiales	14	O
Ayudante de servicios múltiples	1	E	Adm. Especial	Serv. Especiales	11	O
Alguacil-Celador de obras y servicios	1	E	Adm. Especial	Adm. Especial	11	O

B) PERSONAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Plazas
Auxiliar de axuda a domicilio	19
Servicio de limpeza	2
Cuidador de albergue	1
Encargado Centro Interpretación	1
Operario desbroces (Convenio Incendios da Xunta de Galicia)	1
Peón Forestal (Programa Aprod Rural)	1
Personal programa " Fomento de Empleo" Plan único Deputación Provincial de Lugo 2022 (un/ha peón, un/ha conductor de maquinaria, un/ha mecánico operario e un/ha auxiliar administrativo/a).	4

Contra a aprobación definitiva do orzamento, de conformidade co disposto no artigo 171.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que se computarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Baleira, 2 de agosto do 2022.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 2202

BARALLA*Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión celebrada o día 28 de xullo de 2022, acordou a corrección do erro na “*Modificación do anexo do Orzamento 2022, en relación ao expediente de consolidación e estabilización de emprego*” aprobada en sesión plenaria de 28 de abril de 2022.

A aprobación inicial do expediente publícase aos efectos do artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo prazo de quince días hábiles.

O citado acordo plenario quedará elevado automaticamente a definitivo de non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público.

En Baralla, 29 de xullo de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2164

Anuncio

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 28 de xullo de 2022 o expediente de modificación de créditos número 12/2022, dentro do vixente presuposto municipal, por importe de 135.969,12 euros, e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169.1 e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo na Intervención Xeral do Concello e formular as reclamacións que consideren pertinentes.

Se ao termo do período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobada dita modificación orzamentaria, tras a súa publicación íntegra.

En Baralla, 29 de xullo de 2022.- O ALCALDE, Miguel González Piñeiro.

R. 2165

BECERREÁ*Anuncio***EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 28/07/2022, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño do 2022 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 28/09/2022. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 29 de xullo de 2022.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2166

CERVO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A BRIGADA DE INCENDIOS DO CONCELLO DE CERVO, DE UN (1) XEFE DE BRIGADA, UN (1) PEÓN CONDUTOR CON CARNÉ B E TRES (3) PEÓNS.

De conformidade co decreto de Alcaldía número 2022-0645 de data 27 de xullo de 2022, faise pública a convocatoria para o proceso de selección para a contratación de persoal laboral temporal, para a brigada de incendios do Concello de Cervo, de un (1) xefe de brigada, un (1) peón condutor con carné B e tres (3) peóns forestais, ao abeiro da primeira addenda ao convenio interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local, Concello de Cervo, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2022, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, de 26 de xullo do 2022.

A convocatoria e as bases aprobadas están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral do Concello de Cervo e na súa páxina web www.concellodecervo.com. O prazo de presentación de solicitudes será de 3 días hábiles contados a partir do día da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Cervo, 28 de xullo de 2022.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2167

O INCIO

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (OEP 2022), PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO DO INCIO.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de vinte (20) días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, ao abeiro do punto 5º das bases que rexen o proceso selectivo (publicadas integramente no B.O.P. de Lugo n.º 144, de 25/06/2022), por Decreto de Alcaldía de data 04/08/2022 aprobouse a seguinte lista provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo de 1 Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL):

- Relación de aspirantes admitidos/as:

Apelidos e Nome	DNI	Acreditación do nivel de galego	Observacións (non excluíntes) *
Carreira Iglesias, Susana	***3516**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Maceda González, Asier	***7396**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Rello López, Óscar	***6433**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	

Rioja Míguez, David	***4546**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	
Zas Fernández, David	***7941**	SI (CELGA 4 ou equivalente)	Non acompaña “Curso Prevención riscos COVID 19” alegado no Anexo II

- Relación de aspirantes excluídos/as:

Apelidos e Nome	DNI	Motivo da exclusión	Acreditación do nivel de galego (non excluínte)	Observacións (non excluíntes) *
Herrán Calvo, Alberto	***3862**	DNI autenticado non en vigor (caducado)	SI (CELGA 4 ou equivalente)	Curso “Contratación laboral” non autenticado
Vázquez Fariñas, María Argentina	***8326**	-DNI non autenticado -Titulación esixida na convocatoria non autenticada	NON (CELGA 4 ou equivalente non autenticado)	Méritos alegados non autenticados (agás informe de vida laboral e “Curso de competencias dixitais en ofimática”)

***Neste apartado de Observacións (non excluíntes) recóllense os méritos que poden ser obxecto de subsanación polos interesados, sen que implique en ningún caso que os mesmos vaian ser obxecto de valoración na fase de concurso polo Tribunal de selección.**

De conformidade co punto 5 das bases do proceso selectivo, concédese o prazo de dez (10) días hábiles dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P de Lugo, para formular reclamacións á lista provisional ou emendar erros.

O Incio, 4 de agosto de 2022.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2227

LÁNCARA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Por xunta de goberno local de 27 de xullo de 2022, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 1º trimestre 2022.

O importe total do padrón ascende a 57.531,27 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 27 de xullo de 2022 ó 27 de setembro de 2022, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 29 de xullo de 2022.- O Alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2168

LUGO

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto número 7296//2022, de data 14 de xullo de 2022, aprobouse o Padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon de auga correspondente ao primeiro trimestre de 2022, que se expón ao público no Servizo de Augas, sito na Ronda da Muralla, 197, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste Edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do periodo voluntario de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 63 da Ordenanza Fiscal Xeral. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Lugo, 15 de xullo de 2022.- A ALCALDESA, P.D.O TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DE COHESIÓN TERRITORIAL.

R. 2169

Anuncio

Decreto Nº 7571/2022 do 22/07/2022

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 3 de febreiro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo 10/49 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 e 2017)

Visto Decreto Nº 2015/2021 do 15/03/2021 polo que se acorda convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a catro prazas de Celador/a Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, dúas en quenda de acceso libre ordinario (oep 2018) e dúas en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (oep 2015 e 2017).

Visto acordo 11/252 da Xunta de Goberno Local do 4-5-2022 de APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (BOP Lugo núm. 110 de 14 de maio de 2022) no que entre outros puntos acórdase:

Deixar sen efecto: parcialmente a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2015 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP); parcialmente, a oferta de emprego público do Concello de Lugo correspondente á anualidade de 2017 (unha praza de acceso libre reserva discapacitado Celador/a CEIP) e desistir dos procesos selectivos convocados de dúas prazas de Celador/a CEIP reserva discapacitado (OEP 2015 e 2017).

Visto acordo da Xunta de Goberno Local 5/298 en sesión ordinaria de 1/6/2022 de MODIFICACIÓN DO ACORDO 10/49 DE APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A CATRO PRAZAS DE CELADORES/AS DE COLEXIO PÚBLICO PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E DÚAS EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2015 e 2017)

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Modificar o Decreto Nº 2015/2021 do 15/03/2021 nos seus apartados primeiro, 1º e 5ª quedando redactados do seguinte xeito:

“Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a dúas prazas de Celador/a Colexio Público pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario que se rexerá tanto polas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE” publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, así como polas bases específicas aprobadas por acordo 10/49 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 3 de febreiro de 2021 e modificadas na sesión ordinaria do 1 de xuño de 2022, que seguidamente se transcriben:

1º.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionario/a de carreira, a DÚAS prazas de CELADORES/AS COLEXIO PÚBLICO pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018), en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA LIBRE”, aprobadas pola Xunta de Goberno o 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano nas sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018. Foron publicadas nos boletíns oficiais da provincia de Lugo número 099, do 2 de maio de 2017, e número 274, do 29 de novembro de 2018.

O órgano competente da Corporación poderá adscribir as persoas aspirantes nomeadas, a través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.”

“5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

As solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- b) Copia auténtica da titulación esixida.

c) Xustificante do ingreso dos dereitos de exame. As interesadas e interesados deberán unirlle á solicitude o xustificante de ter ingresados os dereitos de exame. As taxas por dereito de exame para este grupo están fixadas en 10,80 € de acordo coa Ordenanza fiscal número 119 vixente neste momento no Concello, téndose que estar en todo o relativo aos dereitos de exame co establecido na citada ordenanza. O aboamento da citada taxa farase en modelo normalizado de autoliquidación de “Taxas e prezos públicos” que se atopa a disposición das e dos interesados nas oficinas administrativas do Excmo. Concello de Lugo e na súa páxina web.”

Segundo.- Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 2170

MONTERROSO

Anuncio

“Decreto 29 de xullo de 2022

D^a Rocío Seijas Vázquez, Alcaldesa do Concello de Monterroso á vista dos seguintes antecedentes:

Visto o expediente de matrimonio civil presentado neste Concello con data 29/07/2022 RC2391, entre D. Ramiro Álvarez Otero e Dna. Quiteria Mejuto Isaac para a celebración da voda civil o 15/08/2022.

Resolvo:

Primeiro.- Delegar na concelleira Dona Rocío Díaz Bao a celebración do dito enlace.

Segundo.- Notificar ao interesado xunto cos recursos oportunos.”

R. 2171

PANTÓN

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019) e en virtude de Acordo do 15.07.2022, aprobou o Padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2022, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de vinte (20) días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo, o devandito Padrón estará ao dispor das persoas interesadas no concello, a fin de que o poidan examinar e formular cantas observacións, alegacións ou reclamacións teñan por conveniente.

Contra o acto de aprobación do Padrón e das liquidacións incorporadas a estes, os/as contribuíntes e, en xeral, as persoas interesadas, poderán interpor os seguintes recursos:

1. Recurso de reposición, ante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública do Padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcourir un mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
2. Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, con sede en Lugo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza o acto presunto.
3. Poderá interporse calquera outro recurso que as persoas interesadas lles conveña.

ANUNCIO.

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, exponse ao público o seguinte anuncio de cobranza:

- Tributos que se poñen ó cobro: Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xuño de 2022.
- Prazo de ingreso en período voluntario: do 01.08.2022 ao 30.09.2022, ambos inclusive. Data de cargo en conta: 15.09.2022
- Modalidade de ingreso: a través do servizo de recadación do concello. Con carácter xeral poderá usarse como forma de pagamento a domiciliación bancaria.
- Lugar de ingreso: servizo de recadación do concello. Praza do Concello, s/n. Pantón.
- Días de ingreso: días hábiles, de luns a venres, das 10 ás 14 horas. CONCELLO DE PANTÓN (LUGO), Praza do Concello, s/n - 27430 Pantón (Lugo). Telf.: 982 45 60 05 - Fax: 982 45 65 62

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfixera a débeda iniciárase o período executivo, de acordo co tenor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de demora, así como as recargas que correspondan e, no seu caso, das costas do procedemento de prema.

Pantón, 20 de xullo de 2022.- O alcalde, Jose Luis Álvarez Blanco.

R. 2172

PARADELA

Anuncio

APROBACIÓN DOCUMENTO DE REVISIÓN “PLAN DE XESTIÓN E CONSERVACIÓN DO ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL LOIO - RUXIDOIRA”

Aprobada, polo Concello Pleno, na súa sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2022, a revisión do Plan de conservación do espazo natural de interese local Loio-Ruxidoira baixo o título “Plan de xestión e conservación do espazo natural de interese local Loio-Ruxidoira”, ábrese un período de información pública por prazo de 15 días hábiles, contados a partir da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que calquera

persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento na Secretaría do Concello e formular as alegacións que estimen pertinentes.

Paradela, a 29 de xullo de 2022.- O ALCALDE – PRESIDENTE, José Manuel Mato Díaz.

R. 2173

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 28 de xullo de 2022 aprobou inicialmente expediente de modificación do anexo de inversións do Orzamento Municipal para o ano 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 177, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 38 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, a 29 de xullo de 2022.- O ALCALDE – PRESIDENTE, José Manuel Mato Díaz.

R. 2174

POL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 3 de agosto de 2022, aprobáronse as bases e a convocatoria para a contratación laboral de dous tractoristas e creación de bolsa de emprego. As bases reguladoras estarán expostas na sede electrónica do Concello de Pol e no taboleiro de anuncios. Dada a urxencia da contratación, o prazo de presentación de solicitudes será de **5 días hábiles** a contar dende o seguinte ao da publicación do presente.

Pol, 5 de agosto de 2022.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2228

VILALBA

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos (suplemento de crédito/crédito extraordinario nº 2).

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xullo de 2022, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito/ crédito extraordinario para financiar gastos necesarios e urxentes con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 1.740.542,59€, financiado con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería (870.00) resultante da liquidación orzamentaria do exercicio 2021.

O expediente permanecerá exposto ao público, na oficina da Intervención municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Vilalba, a 29 de xullo de 2022.- A Alcaldesa, Elba M^a Veleiro Fernández.

R. 2175

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/08756/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Manuel Mourín López

Nombre del río o corriente: Manantial Fonte do Cando

Punto localización: Lugar de Sixirei, parroquia de Sixirei

Término municipal y provincia: Baralla, Lugo

Caudal concedido: 1,03 l/s

Destino: Uso ganadero y riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 16 de enero de 2001

Registro de Aguas: 10317, Sección A, en el Tomo 0104, hoja número 017

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Baralla** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 29 de xullo de 2022.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 2176